

**COMUNICADO Nº 191/23  
08 DE NOVEMBRO DE 2023**

**REVISIÓN DA ROUPA E ELEMENTOS DE SEGURIDADE DO PILOTO E  
COPILOTO NAS VERIFICACIÓNS DO RALLYE RIBEIRA – RÍA DE AROUSA**

Os comisarios técnicos do Rallye Ribeira – Ría de Arousa procederán a revisión da roupa e cascos de todos participantes na novena cita puntuable para o Campionato Galego de Rallyes durante as verificacións técnicas da mesma.

Polo tanto é obrigatorio que todos os participantes acudan a ditas verificacións con todo o equipamento co fin de certificar que está acorde coa folla de verificación en posesión da FGA.

Tamén haberá marcaxe dalgúns elementos da equipación que serán revisados durante a proba.